



**PROGRAMA
DE PODEMOS**
para un novo país

Índice

5	Limiar
7	Título preliminar
15	Título I Dos dereitos e deberes fundamentais
57	Título II Da Coroa
61	Título III Das Cortes Xerais
65	Título IV Do Goberno e da Administración
71	Título VI Do Poder Xudicial
77	Título VII Economía e Facenda
87	Título VIII Da Organización Territorial do Estado
97	Título IX Do Tribunal Constitucional
101	Disposición derogatoria

Limiar

Este programa contén os vimbios para un novo país. Un país que non ten outro planeta e que empregará todos os seus esforzos en construír un novo modelo industrial compatible coa nosa vida nel. Un país feminista, de mulleres e homes libres e iguais, libres de violencias e iguais á hora de responsabilizarse dos coidados que sosteñen a vida e de gozar dun sistema de servizos públicos para iso. Un país que só se pode construír se rescatamos a democracia daqueles que a teñen retida na súa axenda de contactos. Un país tecido con xustiza no emprego e nas pensións, nos dereitos sociais, na contribución fiscal ao que é de todos e de todas, e con xustiza territorial. Un país que tamén é esa España baleira que queremos recuperar para que cada un e cada unha podamos elixir onde queremos vivir.

Este programa contén un país que está máis preto que nunca, ao alcance das nosas normas e das nosas institucións, pero sobre todo do noso talento, do noso esforzo e da comunidade que formamos xuntas e xuntos. A quen este novo país non lle convén, che dirá que non se pode, pero mantén o paso firme, porque nunca estivo mais preto e, a pesar de todos os seus millóns, a historia escríbela ti.

Título preliminar

Artigo 1.1.

España constitúese nun Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1. España constitúese tamén coma un Estado feminista e comprometido co coidado do planeta.
2. Traballar para una Constitución decididamente feminista que, entre outros, definirá os coidados coma un **dereito fundamental**. Realizaremos un desenvolvemento lexislativo que garanta o acceso aos coidados e da súa provisión de maneira universal.

Artigo 6.

Os partidos políticos expresan o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e á lei. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

3. **Prohibir que os partidos poidan financiar as súas campañas electorais mediante créditos bancarios.** Quen paga manda, e os bancos non poden mandar nos partidos.
4. **Democratizar os partidos.** Aparte das listas electorais, incorporaremos a paridade aos órganos dos partidos políticos e serán obrigatorias as primarias para presidir os órganos executivos dos partidos.

Artigo 7.

Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios. [...].

5. **Recuperar o poder da negociación colectiva.** Estableceremos o predominio dos convenios de sector, limitaremos o uso da modificación substancial das condicións de traballo e fixaremos unha unidade de negociación entre as empresas dependentes. Así mesmo, restableceremos a chamada «ultraactividade» dos convenios.
6. **Recoñecer os dereitos sindicais e civís negados aos e ás gardas civís.**

Recoñeceremos a condición de sindicatos das distintas asociacións da Garda Civil e derogaremos as normas que prohiban aos seus membros a participación na vida sindical. Ao mesmo tempo, garantiremos os seus dereitos laborais e a capacidade de organización para defendelos.

Artigo 8.1.

As Forzas Armadas, constituídas polo Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire, teñen como misión garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional.

- 7.** Dignificar as retribucións dos nosos e das nosas militares e equiparar dereitos. Aumentaremos as retribucións para aproximalas ás das forzas e corpos de seguridade do Estado (FCSE) e equipararemos os seus dereitos civís; en particular, os dereitos fundamentais de reunión, manifestación, asociación, liberdade de expresión, sindicación e afiliación a partidos políticos, entre outras medidas.
- 8.** Frear o ERE encuberto do Ministerio de Defensa para os e as militares maiores de

corenta e cinco anos. Suprimiremos os actuais compromisos temporais (de tropa e mariñeiría, con corenta e cinco anos, e de complemento) e estableceremos unha carreira militar integral sen discriminacións por escala.

Artigo 9.1.

Os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.

- 9.** *Atrancar as portas xiratorias na política, nos altos cargos da Administración e no Poder Xudicial.* Para iso, consideraremos ás empresas que cotizan en bolsa coma empresas nas que existe conflito de intereses, ampliaremos a cinco anos a duración da incompatibilidade para poder pasar ao sector privado e tipificaremos coma delito os casos graves de portas xiratorias.

- 10.** **Plan Nacional contra a Corrupción,** co que impulsaremos unha reforma do Código Penal para introducir o delito relacionado co enriquecemento ilícito de cargos políticos e a prevaricación administrativa nas contratacións públicas, cofeito, tráfico de

influencias e fraudes á Administración cando se cometan a través de partidos políticos. Ampliaremos tamén as unidades das FCSE e da Axencia Tributaria destinadas á loita contra a corrupción e os delitos económicos, coma o branqueo de capitais. Ofreceráse protección real a quen denuncie.

Título I

Dos direitos e deveres fundamentais

Artigo 10.1.

A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social.

11. **Garantir os ingresos suficientes para que ningún se quede atrás.** Aseguraremos unha prestación de suficiencia de ingresos cunha contía garantida por adulto de 600 euros ao mes, que se incrementará en función do número de membros do fogar ata os 1200 euros. Esta renda garantida actualizarase periodicamente.

12. **Situar a España á vangarda mundial da atención á dependencia.** Consolidaremos un sistema universal, público e suficiente de coidados que garanta a autonomía funcional das persoas dependentes. Este sistema aumentará o número de **persoas dependentes atendidas ata chegar aos 1,6 millóns e creará ata 400 000 novos empregos.** Eliminaremos as listas de agarda e faremos chegar as prestacións e os servizos a quen teña a dependencia recoñecida. Os coidadores e as coidadoras non profesionais cotizarán á

Seguridade Social e recibirán prestacións como a de desemprego. Revisaremos o actual sistema de incompatibilidades e eliminaremos o copago.

- 13. Establecer un centro de servizos sociais por cada vinte mil habitantes**, que estará composto, polo menos, por un traballador ou unha traballadora social, un educador ou unha educadora social e un psicólogo ou unha psicóloga.

Artigo 10.2.

As normas relativas aos dereitos fundamentais e as liberdades que a Constitución reconece se interpretarán de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

- 14. Prohibir os desaloxos sen alternativa de vivenda.** Garantiremos que España cumpra coas súas obrigas internacionais no relativo ao dereito á vivenda e impulsaremos protocolos de coordinación entre as distintas Administracións e o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) para facer efectiva esta garantía.

15. Facer xustiza a nosa memoria democrática.

Retiraremos as medallas concedidas a Billy o Neno, modificaremos a Lei de Amnistía para que se poidan xulgar os crimes de lesa humanidade do fascismo, anularemos as condenas dos tribunais franquistas e auditaremos os bens espoliados polo franquismo para devolvelos aos seus lexítimos titulares.

16. España, impulsora da democracia

internacional. Promoveremos a democratización do Consello de Seguridade das Nacións Unidas coa creación dunha Asemblea Parlamentaria na ONU, elixida democraticamente, para abordar temas claves como a violencia estrutural contra as mulleres, o cambio climático, os desequilibrios do comercio internacional, a loita contra os paraísos fiscais ou as migracións. Esta asemblea impulsará plans de choque para asegurar a paridade en todos os niveis das organizacións internacionais; traballará para garantir a neutralidade da rede; liderará os traballos para crear unha axencia internacional de loita contra a desinformación e reforzará

a xustiza climática global. Recuperaremos a xurisdición universal na súa forma previa ás vergoñosas reformas do PSOE no 2009 e do PP no 2014.

Artigo 14.

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

17. Aplicar un ambicioso programa de investimentos para a construción duns servizos públicos sólidos para a economía dos coidados e coa capacidade de crear, nun prazo moi curto de tempo, máis de medio millón de empregos repartidos de maneira xusta por todo o territorio.
18. Instaurar a paridade nas Administracións Públicas e nos organismos financiados co diñeiro público, como a *Real Academia de la Lengua*. No prazo de catro anos deberán ter unha composición paritaria; e, de non ser así, se retirará o financiamento público.

19. Ampliar os dereitos de persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais a través da aprobación de dúas leis: unha contra a discriminación por motivos de identidade de xénero e orientación sexual; e outra que garanta a protección xurídica e o dereito á libre determinación da identidade destas persoas.

20. Establecer vías legais e seguras de entrada en España, poñer fin á irregularidade sobrevinda e garantir os dereitos civís das persoas migradas. Articularemos vías legais e seguras de entrada ao noso país. Flexibilizaremos os procesos de arraigamento e garantiremos os dereitos civís das persoas migradas, facilitando, para iso, o acceso á nacionalidade e eliminando o exame, de maneira que as migracións se dean en condicións seguras e que o Estado garanta os dereitos humanos, especialmente a vida.

Artigo 15.

Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Queda abolida a pena de morte [...].

21. **Aplicar un Plan Estatal de Loita contra as Violencias Machistas** cunha dotación anual de 600 millóns. Aplicaremos con carácter inmediato o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ao tempo que traballamos para promover un horizonte de prevención máis ambicioso.

22. **Poñer en marcha un Plan Integral de Compensación, Reparación e Recuperación da Autonomía para mulleres que padecen violencias machistas.** Este plan incluírá unha prestación mínima de 900 euros, a garantía de alternativa de vivenda inmediata para as vítimas da violencia machista e nenos, nenas e adolescentes ao seu cargo e un plan de emprego específico para mulleres maiores de corenta e cinco anos, entre outras medidas.

23. **Actualizar a definición de *violencia machista*** para que recolla todas as formas de violencia contra as mulleres, máis aló da exercida por parellas e ex parellas. Isto ofrecerá una protección equiparable ao resto das mulleres que sofren violencia; por exemplo, por parte de descoñecidos ou de xefes e compañeiros de traballo.

- 24.** Pasar do «Non é non» ao «Só si é si». Aprobaremos unha lei para levar a cabo esta modificación e que as mulleres teñan o mesmo dereito que os homes a ocupar o espazo público e privado e para que poidan exercer a súa sexualidade con liberdade.
- 25.** **Garantir a liberdade para morrer dignamente.** Rexistraremos unha lei con todas as garantías necesarias para as persoas que deciden poñer fin a súa vida ao padecer un sufrimento irreversible, así como para os e as profesionais que as asisten.
- 26.** **Obxectivo 2020: cero mortes no Mediterráneo para asegurar o dereito á vida.** Reforzo do servizo de Salvamento Marítimo, que permanecerá coma servizo público e civil e cuxa única función será a salvagarda da vida na mar. Poñeremos fin ás prohibicións de saída de portos españois ás ONG. E, ademais, aseguraremos o cumprimento dos dereitos humanos na fronteira sur impedindo devolucións en quente ou rápidos ilegais.

Artigo 16.3.

Ningunha confesión terá carácter estatal. [...].

27. Eliminación da exención do IBI da cal goza a Igrexa, coa excepción dos inmobles afectos ao culto, os bens cuxa finalidade principal sexa a súa utilización por parte de Cáritas para a acción social ou outro tipo de bens que gocen de dita exención por motivos xerais.

28. Recuperar os bens inmatriculados indebidamente pola Igrexa que inscribiu ata o 2015 a partir de simples declaracións dos seus propios membros.

Artigo 20.1.

Recoñécense e protexen os dereitos: a) a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución; b) á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.

29. Fin das leis mordaza e dos delitos medievais de ofensa aos sentimentos relixiosos e inxurias á Coroa. Derrogaremos as leis mordaza e reformaremos o Código Penal

para acabar coa criminalización da liberdade de expresión e de opinión.

- 30.** Facer efectivo o Estatuto do e da Artista para protexer a quen traballa na cultura e facer sostible o seu traballo. Melloraremos o recoñecemento das enfermidades profesionais e a súa protección, os períodos de creación e formación, así como a transición profesional ao final das carreiras artísticas. Actualizaremos os epígrafes do imposto de actividades económicas e as proteccións por desemprego e impulsaremos protocolos fronte ás violencias machistas.

Artigo 20.3.

A lei regulará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso a ditos medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

- 31.** Prohibir que os bancos e os fondos sexan propietarios dos medios de comunicación. A saúde da democracia española esixe que quen ten un enorme poder financeiro non

poida aproveitalo para controlar tamén a comunicación e a formación de opinión pública.

32. Unha nova RTVE máis plural e democrática.

Aplicaremos un Plan de Reforma da RTVE e as súas Sociedades co obxectivo de garantir a transparencia, a participación de profesionais e de público, o prestixio do servizo público e a consolidación do proceso de renovación vía concurso público. Aseguraremos un Programa de Investimento en Producción propia para o Ámbito Dixital, de maneira que a externalización de servizos informativos quede excluída e acádense os niveis de dotación previos ao 2012.

Artigo 27.2.

A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

33. Acadar o investimento en servizos públicos propio doutros Estados da zona euro nunha lexislatura. En educación, pasarase do 4% do PIB ao 5,6% no 2023.

- 34.** **Crear unha materia de feminismos.** A educación é a principal ferramenta para transformar as relacións de desigualdade, polo que os contidos feministas serán transversais ao longo de toda a educación e creárase unha materia de feminismos na educación pública, para o cal contarase coa participación da comunidade educativa.
- 35.** **Aplicar un Plan de Mellora da Convivencia para a Prevención do *Bullying* (acoso) e a Violencia nos Centros Educativos.** Garantiremos a seguridade e a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, independente do seu lugar de procedencia, orientación sexual, identidade e expresión de xénero ou calquera outra característica.
- 36.** **Poñer en marcha unha Estratexia de Formación e Alfabetización Dixital** para o goce igualitario dos beneficios do proceso de dixitalización. Poñeremos en marcha recursos en todos os niveis do sistema educativo e de formación ao longo da vida. Xa desde primaria se incluírán contidos de robótica, programación, deseño web, *apps*, *hardware* e videoxogos.

Artigo 27.4.

A ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta.

37. **Garantir a gratuidade real e efectiva da educación obrigatoria: libros, material escolar e comedor** durante todas as etapas da educación obrigatoria para familias en situación de vulnerabilidade socioeconómica. Así mesmo, acabaremos co pago ilegal de cotas na escola concertada.

38. **Asegurar un sistema de becas suficiente**, que non só aumentará as becas concedidas e a súa contía, senón que dependerá en exclusiva da posición económica. Así mesmo, establecérase un calendario para que se resolvan antes do comezo do curso académico e ingresaranse durante o primeiro trimestre.

39. **Universidade pública gratuíta**, así como a formación profesional e os másteres cando sexan habilitantes para exercer unha profesión (se non, se reducirá o prezo ata polo menos o actual dos graos).

Artigo 31.1.

Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade, que en ningún caso terá alcance confiscador.

40. **Recuperar os 60 000 millóns do rescate bancario** que o Banco de España deu por perdidos no 2017. Recuperaremos este diñeiro mediante a aplicación dun imposto ás transaccións financeiras, unha reforma do imposto sobre sociedades respecto á tributación das grandes corporacións e un imposto específico á banca.
41. **Crear un imposto para as grandes fortunas que grave os grandes patrimonios** co fin de recadar un 1% do PIB de patrimonios superiores a 1 millón de euros. O imposto terá un mínimo exento por primeira vivenda de 400 000 euros e gravará ata cun 3,5% os patrimonios de máis de 100 millóns de euros.
42. **Eliminar os privilexios fiscais das grandes corporacións no imposto sobre sociedades e baixarllelos ás pemes.** Estableceremos

un tipo efectivo mínimo do 15%, que se ampliaría ata o 20% para as entidades financeiras e empresas de hidrocarburos. Ao mesmo tempo rebaixaremos o tipo para as pequenas empresas do 25% ao 23%.

43. Evitar o uso de paraísos fiscais para a evasión fiscal no imposto sobre sociedades.

Reformaremos o imposto sobre sociedades para evitar que se poidan utilizar paraísos fiscais ou de baixa tributación, de modo que só se admitirá a exención por dobre tributación cando se pague polo menos un 15% efectivo noutro país.

44. Eliminar os paraísos fiscais interiores en forma de privilexios de certos esquemas societarios. Poñeremos fin ao réxime fiscal privilexiado de entidades de tenencia de valores estranxeiros (ETVE) e da tributación privilexiada de sicav, fondos e sociedades de investimento mobiliario e inmobiliario (as SOCIMI) e do réxime de impatriados, que permite pagar menos IRPF a persoas que se desprazan a España a traballar con rendas de ata 600 000 euros.

45. **Prohibir a utilización de sociedades pantalla** coma un instrumento para gozar da vivenda habitual pagando menos impostos.
46. **Establecer un IRPF máis xusto e progresivo de modo que non toda a carga recaia en quen máis traballa.** Por unha banda, as rendas de máis de 100 000 euros anuais contribuirán un pouco máis, cun 47%, que chegará ata o 55% para rendas superiores a 300 000 euros anuais, e corrixiremos a inxustiza de que as rendas do capital tributen moito menos que as rendas do traballo. Ao mesmo tempo, reduciremos o tipo do primeiro tramo non exento do IRPF, o tramo máis baixo, ao 18%.
47. **Fixar un imposto de transaccións financeiras** que grave as vendas brutas no mesmo día, e non só as netas, e inclúa outras operacións distintas á compravenda de accións (por exemplo, derivados) para diferenciar entre o pequeno aforrador que inviste e as operacións especulativas.
48. **Establecer un imposto á banca** que aumente 10 puntos o tipo impositivo das entidades financeiras no imposto sobre sociedades.

- 49.** **Baixar o IVE** ao tipo do 4% a máis alimentos e bebidas non alcohólicas, aos produtos de hixiene feminina e de alimentación animal, e do 10% a todas as subministracións básicas (calefacción, gas, electricidade) dos consumidores vulnerables e dos servizos veterinarios. Impulsárase **un plus dun 4% aos artigos de luxo**.
- 50.** **Fixar un imposto para operacións da economía dixital** que non tributan, coma publicidade e intermediación online e venda de datos, limitado a empresas con ingresos anuais totais mundiais de polo menos 500 millóns de euros e con ingresos en España superiores aos 3 millóns de euros.
- 51.** **Poñer en marcha unha Estratexia Nacional contra a Fraude Fiscal**, para o cal reforzaremos a Axencia Tributaria; crearemos unha Oficina de Loita contra Grandes Defraudadores; incrementaremos os prazos de prescrición tributaria e penal a 5 anos ou 10 anos, incluíndo maiores penas e baixando o delito fiscal aos 50000 euros; e publicaremos a lista das e dos amnistiados fiscais dos Gobernos anteriores cunha prohibición constitucional de repetila.

Artigo 35.1.

Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo.

52. | **Crear máis dun millón de empregos** a partir da aplicación das propostas do Horizonte Verde e Novo Modelo Industrial, do Horizonte Morado e Economía dos Coidados, e do Horizonte Dixital e Nova Economía.

53. | **Eliminar a mal chamada «flexibilización»** que instalaron as reformas laborais do PSOE e do PP. Deixaremos un único tipo de contrato temporal e só poderá realizarse por causas produtivas absolutamente imprevistas (non campañas nin estacións) e organizativas estritas, coma substitucións por baixas (interinidade).

54. | **Prohibir os contratos temporais de menos dun mes e a fraude da concatenación de contratos.** Os contratos temporais terán

unha duración de entre 1 mes e 6 meses. Máis aló dos 6 meses ou en caso de fraude, a persoa contratada de maneira temporal considerarase indefinida.

- 55. Facer realmente estables os contratos indefinidos.** Para iso, derogaremos as reformas laborais de Zapatero e de Rajoy, que tamén precarizaron o contrato fixo. En particular, estableceremos unha regulación clara e adecuada á conxuntura de que circunstancias económicas xustifican o despido obxectivo.
- 56. Acabar coa brecha salarial** a través dunha lei de igualdade retributiva que analizará as remuneracións e considerará discriminación as brechas de máis do 20% nas retribucións das empresas, de maneira que as deberán xustificar perante os tribunais. As grandes empresas terán que realizar auditorías salariais e enfrontarse a sancións en caso de negativa.
- 57. Poñer orde na subcontratación e protexer os dereitos laborais dos e das traballadoras de subcontratas.** Limitaremos a subcontratación a servizos especializados

alleos á actividade principal da empresa. Cando a subcontratación estea xustificada, os seus traballadoras e traballadores terán as mesmas condicións que as dos da empresa matriz.

- 58.** **Acabar coa fraude das horas extras.** Será obrigatorio que as empresas rexistren as horas extras e que as paguen. En empregos a tempo parcial será extraordinaria calquera hora de traballo por encima do tempo do contrato e, por suposto, pagarase como tal.
- 59.** **Fin da fraude das e dos falsos autónomos.** Presumirase que existe unha relación laboral por conta allea cando a persoa autónoma teña unha única vía de ingresos relevante. Protexeremos a quen sofre a fraude e obrigaremos á empresa a incorporar a esa persoa cun contrato indefinido e a aboar a súa afiliación á Seguridade Social, así coma outros dereitos que tivera xerado. Iniciaremos unha intensa campaña de inspeccións especializadas.
- 60.** **Frear a *uberización* da economía.** As persoas que dependan desas plataformas

consideraranse traballadores e traballadoras por conta allea. Crearemos unidades especiais para inspeccionar estes novos modelos de traballo, en especial a utilización de falsos autónomos e o traballo mediante horas extras sen cotizar. Faremos o mesmo dentro da Axencia Tributaria para controlar o pago de impostos en España.

- 61. Acadar un salario mínimo interprofesional de 1200 euros na próxima lexislatura.** Debe chegarse inmediatamente aos 1000 euros e asegurar que esta contía se actualiza ao nivel de 1200 euros, establecido na Carta Social Europea.

- 62. Recuperar dereitos nos empregos máis precarios e feminizados.** Garantiremos os dereitos das camareiras de piso (as kellys): contrato directo polo establecemento hoteleiro e posibilidade de xubilarse de maneira anticipada sen penalización. Garantiremos os dereitos das empregadas do fogar coa ratificación do Convenio 189 da OIT e a súa integración dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social, con prestación por desemprego ou proteccións fronte ao

despido. Recoñeceremos a posibilidade de completar lagoas de cotización e de xubilación anticipada sen penalización. Adoptaranse medidas similares respecto a outros empregos feminizados e precarizados, coma o dos aparadoras de calzado e outros.

Artigo 38

Recoñécese a liberdade de empresa no marco da economía de mercado. Os poderes públicos garanten e protexen o seu exercicio e a defensa da produtividade, de acordo coas esixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación.

- 63.** Establecer cotas xustas para as e os autónomos. É urxente atender a situación dos traballadores autónomos, que deben cotizar só polos rendementos que realmente obteñan e non coa desproporción actual.

- 64.** Recoñecer ás e aos autónomos e ás pemes a súa condición de consumidores nas súas relacións con grandes corporacións por servizos distintos ao da súa actividade principal. Para evitar a desprotección ante o oligopolio eléctrico, bancario ou de

telecomunicacións, adaptaremos o dereito de consumo ás pemes, incluíndo prazos máximos de pago por parte das grandes empresas.

Artigo 39.1.

Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia. [...] 4. Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.

- 65.** Garantir a cobertura universal e gratuíta da educación infantil (de 0 a 3 anos). Na seguinte legislatura configuraremos un sistema de educación infantil (de 0 a 3 anos) que ofrezca unha cobertura universal e gratuíta a todas as criaturas ao rematar os permisos parentais remunerados dos seus proxenitores e proxenitoras. Con iso **crearemos máis de 100 000 postos de traballo directos**, con enormes retornos ademais en cotizacións e consumo.

- 66.** Prestación para o coidado de nenos, nenas e adolescentes, que chegará aos 1200 euros ao ano de maneira universal e aos 2000 euros ao ano para situacións de pobreza

severa, e que se iniciará de maneira urxente con 600 euros ao ano para familias en risco de pobreza, cun incremento do 50% para familias dunha soa proxenitora ou dun só proxenitor.

- 67. Permisos de paternidade e maternidade iguais e intransferibles.** Ampliaremos o sistema de permisos para que, en caso de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción e acollemento, estes sexan iguais, intransferibles e remunerados ao 100% da base reguladora para cada proxenitor ou proxenitora, independentemente do seu sexo e tipo de familia. Con estas características, **propoñeremos a equiparación inmediata a 16 semanas para ambos proxenitores ou proxenitoras e un aumento de 2 semanas ao ano ata acadar as 24 semanas (medio ano) para cada proxenitor ou proxenitora.**
- 68. Xornada laboral de 34 horas semanais e reorganización dos tempos de traballo, lecer e coidados.** Aplicaremos unha xornada de 34 horas semanais sen redución de salario, protexeremos o tempo de

desconexión do traballo, a flexibilización de horarios e as posibilidades do teletraballo. Estableceremos plans de respiro familiar para persoas que coidan e protexerese a estas persoas profesionais coa ratificación do Convenio 189 da OIT e a súa entrada de pleno dereito no Réxime Xeral da Seguridade Social.

69. Incrementar o investimento público na infancia ata acadar a media europea para facer efectiva a igualdade de oportunidades e a non discriminación dos nenos e das nenas.

70. Protexer ás familias monoparentais e monomarentais coa súa equiparación ás familias numerosas, a adopción dunha definición que lles outorgue seguridade xurídica, o incremento das prestacións por coidado dos seus nenos e nenas, e a prioridade de acceso aos servizos e prestacións, como a educación de 0 a 3 anos durante a súa aplicación universal ou as becas.

Artigo 42

O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores

españóis no estranxeiro e orientará a súa política cara o seu retorno.

- 71.** Poñer en marcha un Plan Estatal de Retorno para que todas as persoas que queiran volver o poidan facer. Con este fin, e grazas aos tres horizontes que propoñemos, poden crearse máis dun millón de empregos, e, neste sentido, darase especial consideración ás persoas emigradas que queiran volver. Cando se cumpran as condicións de renda, terán acceso inmediato á garantía de ingresos de 600 a 1200 euros ao mes, e modificaremos as ofertas de emprego público para que non discriminen a quen vive fóra.

- 72.** Ningún acordo que desprotexa aos españois e as españois no Reino Unido ante o *brexit*. Comprometémonos a que o Goberno de España non participe en ningún acordo entre a Unión Europea (UE) e o Reino Unido para a saída deste da UE que menoscabe dereitos de calquera tipo —incluídos os dereitos sociais— dos españois e as españois que residen alí.

Artigo 43.

1. Recoñécese o dereito á protección da saúde.
2. Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. A lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto. [...]

73. Acadar o investimento en servizos públicos propio doutros Estados da zona euro nunha **lexislatura**. Isto suporá pasar do actual 6% do PIB en sanidade ao 7,5% do PIB no 2023, o que nos permitirá impulsar a atención primaria e coidar ao persoal sanitario.

74. Poñer freo á mercantilización da sanidade. Fronte aos plans para privatizar a sanidade pública, adoptaremos medidas urxentes para protexer este patrimonio común, como é, por exemplo, a substitución da normativa vixente —que favorece a expansión da xestión privada da sanidade— por unha que se base na xestión pública directa.

75. Reducir as listas de agarda para garantir que, nunha **lexislatura**, ningunha cita cun especialista nin operación que teña que ver cunha patoloxía grave se demore máis dun mes.

- 76.** Incorporar o servizo de dentista gratuíto aos servizos do sistema de saúde e que este cubra servizos básicos non incluídos ata agora, como empastes, limpeza, ortodoncias, endodoncias, próteses e férulas.
- 77.** A nosa xente antes que as casas de apostas. Para frear a invasión das casas de apostas, impedírase que estes locais abran antes das 22.00 horas e que poidan publicitarse, tanto se o fan en locais coma por internet, tal como ocorre con outros produtos nocivos, coma o alcohol e o tabaco. Engadíranse tamén outras proteccións para reducir as adicións e aumentaranse os impostos para destinalos á prevención e ao tratamento do dano social que producen. En contraposición, impulsaremos centros sociais para mozos neses barrios.

Artigo 44.2.

Os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

- 78.** Converter a ciencia e a I+D+i nun puntal da nosa economía aumentando o investimento

público en I+D+i ao 2% do PIB ao final da lexislatura. As axudas directas (que se executarán ao 100%) superarán amplamente os créditos financeiros, que se limitarán a aqueles cuxa execución sexa moi probable, e garantiremos que as subvencións a empresas se adiquen realmente á I+D+i e non a actividades xa consolidadas.

- 79. Reverter a expulsión de científicos e científicas** cun plan de choque para situarnos, nunha lexislatura, ao nivel da Unión Europea na proporción de persoas adicadas á investigación, cun aumento neto de 5000 investigadores e investigadoras cada ano.
- 80. Unha carreira académica estable e digna.** Un novo Estatuto do Persoal Investigador establecerá uns criterios claros e obxectivos para acceder a cada nova fase, de maneira que ata un 75% das persoas que inician unha carreira científica poidan adicarse de maneira estable á ciencia ou á educación superior. Protexeremos as posicións postdoutorais, a estabilización do persoal precario dos centros de investigación, o

desenvolvemento dunha carreira profesional técnica e de administración e servizos, e recoñeceremos aos investigadores e ás investigadoras en formación os dereitos recoñecidos ao conxunto de traballadores e traballadoras. Esta carreira nutrirase tamén de investigadores e investigadoras que abandonaron a carreira académica e de persoal docente e investigador a tempo completo que substitúa a actual proliferación de figuras docentes con baixos salarios, como asociados e asociadas.

- 81. Programa de Retorno de Investigadores e Investigadoras no Estranxeiro**, cunha oferta dun contrato de catro anos de duración ao final do cal será posible a estabilización mediante criterios obxectivos e predeterminados.

- 82. Crear un Centro Nacional de Robótica Aplicada (CNRA)** para construír un polo de innovación en tecnoloxías dixitais aplicadas, con tres liñas de investigación principais en novos procesos industriais, de servizos e de mellora da vida das persoas dependentes.

Artigo 45.

1. Todos teñen o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así coma o deber de conservalo. 2. Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva. [...]

83. | **Horizonte Verde:** mobilizaremos cada ano un 2,5% do PIB de capital público e privado para reducir as nosas emisións de CO₂ á metade nunha década e nun 90% no 2040, e cumpriremos, así, os obxectivos do Panel Intergubernamental de Cambio Climático da ONU. Crearanse, ademais, 600 000 empregos netos ao longo do proceso.

84. | **Prohibir a mercantilización da auga.** A compravenda de dereitos concesionais é a maneira moderna de converter un dereito humano coma a auga nun produto financeiro. Por iso, impediremos por lei o tráfico con este ben común.

85. | **Recuperar para o público e coa máxima transparencia toda a xestión da auga**

nunha lexislatura. Isto incluírá a reversión e paralización das privatizacións da subministración, o rego, o saneamento e a depuración de augas, e fará inviables escándalos coma os do caso Lezo ou Acuamed.

- 86. Aplicar medidas fiscais para avanzar cara un horizonte verde:** baixaremos o imposto de matriculación e circulación aos coches híbridos e eléctricos; reformaremos o IRPF para establecer desgravacións polo uso de abonos de transporte público e pola adquisición de electricidade 100 % renovable, e aplicaremos un imposto ás empresas enerxéticas que grave a produción de enerxías non renovables.
- 87. Protexer os dereitos dos animais.** Aprobaremos unha Lei de Benestar Animal; baixaremos o IVE dos servizos veterinarios e dos produtos de alimentación animal; tipificarase o delito de maltrato de animais salvaxes, e elevaranse as penas ao abandono de animais. Así mesmo, eliminaranse as subvencións públicas á tauromaquia e prohibiranse espectáculos que impliquen maltrato animal.

- 88.** Intensificar a loita contra os incendios e mellorar as condicións laborais dos bombeiros forestais. Garantiremos un financiamento suficiente dos métodos de prevención durante o inverno e unha mellora clara do recoñecemento profesional dos bombeiros, dos seus salarios, das súas condicións laborais, da súa estabilidade e das súas condicións de seguridade.

Artigo 47.

Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación. [...]

- 89.** Blindar na Constitución o dereito á vivenda coma dereito fundamental e desenvolver legalmente as garantías da súa efectividade, conforme ao dereito internacional. Isto implicará afrontar efectivamente o acceso á vivenda coma unha cuestión de Estado.
- 90.** Intervir o mercado do aluguer para impedir subidas abusivas mediante o control de

prezos e garantir un aluguer estable e seguro para persoas inquilinas e pequenas propietarias mediante índices de prezos e a acción dos Concellos, para que ningunha familia pague máis do 30% da súa renda en concepto de aluguer. Ademais, crearase un modelo de contrato de aluguer indefinido que dea seguridade ás dúas partes.

91. **Crear un gran parque de aluguer público de prezo alcanzable.** Incrementaremos en 50 000 vivendas ao ano, durante toda a lexislatura, o parque de vivenda en aluguer social mediante un mecanismo de cesión obrigatoria das vivendas baleiras dos grandes posuidores —que dará prioridade á poboación nova— e o aumento do investimento público en vivenda ata equiparalo á media europea.
92. **Loitar contra os fondos voitre e a especulación coa vivenda.** Auditaremos os activos tóxicos das entidades financeiras rescatadas co diñeiro público e incorporaremos, así, aos programas de vivenda as vivendas cedidas a fondos voitre ou á Sareb. Elaboraremos un censo

público de vivendas baleiras de entidades financeiras e fondos voitre e suprimiremos as SOCIMI.

93. Poñer coto á excesiva proliferación de pisos turísticos para recuperar a habitabilidade dos nosos barrios e avanzar cara un modelo de turismo sostible. Estudaremos tamén establecer unha porcentaxe máxima de vivendas destinadas a pisos turísticos en función das características de cada barrio para descentralizar a actividade turística e mellorar a convivencia.

94. Protexer aos debedores e debedoras hipotecarios sen recursos suficientes coa limitación da súa débeda ao valor do ben hipotecado e o recoñecemento de dereitos de reestruturación de débeda, quita e dación en pago. Adoptaremos medidas adicionais de protección a familias con ingresos inferiores a 3 IPREM que non poden pagar a súa hipoteca, e derogaremos o IRPH coma indicador dos tipos de interese variable en créditos ou préstamos hipotecarios con efecto retroactivo.

Artigo 48.

Os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

Crear un gran parque de aluguer público de prezo alcanzable. Incrementaremos en 50 000 vivendas ao ano, durante toda a lexislatura, o parque de vivenda en aluguer social mediante un mecanismo de cesión obrigatoria das vivendas baleiras dos grandes posuidores —que dará prioridade á poboación nova— e o aumento do investimento público en vivenda ata equiparalo á media europea.

95. **Protección especial por desemprego para mozos.** O período de cotización esixido para ter dereito á prestación por desemprego reducirase á metade para menores de 30 anos, ao mesmo tempo que a duración da prestación subirá dun terzo do tempo traballado á metade.
96. **Crear unha tarxeta única de transporte gratuíta para menores de 26 anos e a un prezo máximo de 1 euro por traxecto**

para o conxunto da poboación. O anterior aplicarase aos ámbitos urbano e metropolitano, comarcal, entre illas e provincial, e irá vinculado a un aumento da calidade e frecuencia destes transportes.

Artigo 49.

Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para o goce dos dereitos que este título outorga a todos os cidadáns.

97. Modificar a noción de diminuídos por unha adaptada ao século XXI e dotaremos a esta de protección constitucional de rango de dereito fundamental mediante a adaptación do seu enfoque e contido ao paradigma dos dereitos humanos da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

98. Crear por lei un Fondo Estatal para a Accesibilidade Universal, cunha dotación do 1% do investimento anual dos Orzamentos Xerais do Estado en obras públicas e

infraestruturas, novas tecnoloxías e sociedade da información para financiar actuacións de accesibilidade universal en todos os ámbitos, de modo que se garanta unha vida independente a todas as persoas con diversidade funcional.

- 99.** **Recoñecemento constitucional das linguas de signos españolas** e desenvolvemento da Lei 27/2007, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade visual e xordo-cegas.

Artigo 50.

Os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

- 100.** **Garantía de actualización das pensións.**
Estableceremos a actualización por lei das pensións ao IPC de maneira inmediata

e buscaremos blindar esta garantía constitucionalizándoa de forma expresa.

- 101.** **Derrogar o factor de sostibilidade**, o cal produciría un descenso na pensión inicial de entre o 9 e o 18% nas próximas décadas. Os e as pensionistas xa conseguiron que o Goberno do PP tivera que suspender a súa entrada en vigor no 2019, pero non se eliminou, senón que se pospuxo ao ano 2023.

- 102.** **Incrementar as pensións mínimas e as non contributivas.** Ao establecer unha garantía universal de ingresos suficientes de, polo menos, 600 euros por persoa soa, que podería elevarse ata os 1200 euros, eleváranse estas pensións mínimas e non contributivas.

Artigo 51.1.

Os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

- 103.** **Fin da estafa dos 902.** Desterraremos a práctica de derivar á xente a números de tarificación engadida, coma os 902

e similares. Pola súa banda, os teléfonos de atención serán accesibles para persoas con diversidade intelectual ou de idade avanzada.

Recoñecer ás e aos autónomos e ás pemes a súa condición de consumidores nas súas relacións con grandes corporacións por servizos distintos ao da súa actividade principal.

Título II

Da Coroa

Artigo 56.3.

A persoa do Rei é inviolable e non está suxeita a responsabilidade. [...]

- 104.** Suprimir os aforamentos e acabar coa **irresponsabilidade do Rei**. Traballaremos tamén nunha reforma constitucional para eliminar o privilexio xudicial máis grave, que é a ausencia de responsabilidade do monarca, e abriremos unha comisión de investigación sobre os negocios da monarquía.

Artigo 57.1.

A Coroa de España é herdeira nos sucesores de S. M. don Xoán Carlos I de Borbón, lexítimo herdeiro da dinastía histórica. A sucesión no trono seguirá a orde regular de primoxenitura e representación, sendo preferida sempre a liña anterior ás posteriores; na mesma liña, o grao máis próximo ao máis remoto; no mesmo grao, o varón á muller, e no mesmo sexo, a persoa de máis idade á de menos.

- 105.** España é un país feminista comprometido coa igualdade.

Título III

Das Cortes Xerais

Artigo 68.1.

O Congreso componse dun mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

- 106.** Reformar a lei electoral para atender ao principio «dunha persoa, un voto» e aumentar a proporcionalidade do sistema. Substituiremos a fórmula de reparto de escaños de D'Hondt pola de Sainte-Laguë, máis proporcional.
- 107.** Listas cremalleira en todos os procesos para garantir a presenza de mulleres nas institucións. Superaremos a regra de paridade que introduciu a Lei de Igualdade (40-60%) ao facer obrigatorio un sistema de listas cremalleira, que só se romperá se beneficia ás mulleres.

Artigo 68.2.

A circunscrición electoral é a provincia. [...]

- 108.** Crear unha circunscrición electoral exterior para facer oír a voz de quen vive fóra, e que esta supoña unha representación política proporcional aos 2,5 millóns de compatriotas que viven fóra do noso país.

- 109.** Garantir o voto de quen está fóra **derrogando o voto rogado.** Eliminarase esta carreira de obstáculos para votar que se impuxo no 2011 contra os e as compatriotas no estranxeiro e que PP, PSOE y Cs non quixeron quitar.

Artigo 69.2.

En cada provincia elixiranse catro senadores por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto polos votantes de cada unha delas [...].

- 110.** Reformar a lei electoral para facer o Senado **máis proporcional.** Substituiremos o sistema maioritario actual —que fai que, por exemplo, o PP teña un 62% dos senadores e as senadoras de elección directa con pouco máis do 30% de votos— por un sistema máis xusto, similar ao do Congreso.

Título IV

Do Goberno e da Administración

Artigo 103.1.

A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación con sometemento pleno á lei e ao dereito.

- 111.** Dixitalizar a Administración e reducir a burocracia. Avanzaremos cara o fin dos papeis e a redución drástica da burocracia. Respectando a privacidade, os datos públicos despregaranse en formatos abertos, interoperables e accesibles, tamén cando os xeren empresas ao xestionar servizos públicos. A recollida de datos de carácter persoal limitarase aos imprescindibles e cun fin concreto, e aplicaremos un Plan de Soberanía Tecnolóxica das Administracións para transitar cara as tecnoloxías libres potenciando ás pemes do sector.

Artigo 103.3.

A lei regulará o estatuto dos funcionarios públicos, o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito a sindicación [...].

- 112.** Recuperar os dereitos laborais no sector público. Garantiremos a recuperación do poder adquisitivo e dos dereitos laborais relacionados coa conciliación da vida familiar, así coma os dereitos de xubilación. Tamén revisaremos as pensións do sector público que viron minguadas as súas bases de cotización.

Artigo 104.1.

As forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do Goberno, terán coma misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá.

- 113.** Culminar a equiparación salarial da Policía e a Garda Civil ao facer efectiva a iniciativa lexislativa popular de Proposición de Lei para a Efectiva Igualdade e Equiparación Salarial das Policías do Estado Español.
- 114.** Dignificar a situación das funcionarias e dos funcionarios de prisións. Melloraremos as súas condicións socio-laborais, en canto a retribución, formación e medios, coa equiparación de condicións entre persoal funcionario e laboral. Incrementaremos

o cadro de persoal para responder ás 3 400 vacantes actuais sen cubrir e desprivatizaremos a vixilancia dos perímetros dos cárceres.

Título VI

Do Poder Xudicial

Artigo 117.1.

A Xustiza emana do pobo e administrase en nome do Rei por xuíces e maxistrados integrantes do Poder Xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei.

115. | Eliminaremos a referencia arcaica a que a Xustiza se administra en nome do Rei, cando esta, en realidade, emana do pobo.

Artigo 119.

A Xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

116. | Reformar a lei de taxas xudiciais para que ninguén se quede fóra do sistema por motivos económicos. Así mesmo, aumentaremos os recursos de formación e especialización dos seus profesionais, especialmente en perspectiva de xénero.

Artigo 122.2.

O Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno do mesmo [Poder Xudicial]. [...]

- 117.** Reformar o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) para reforzar a súa independencia a través dun sistema de elección directa por parte da cidadanía. Ata entón, melloraremos o sistema parlamentario de elección de vogais para aumentar a pluralidade e a transparencia. O CXPX deberá cumprir, en todos os nomeamentos discrecionais, os principios de mérito, capacidade e paridade de xénero.

Artigo 123.1.

O Tribunal Supremo, con xurisdición en toda España, é o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes, salvo o disposto en materia de garantías constitucionais.

- 118.** Volver a prestixiar o Tribunal Supremo e modernizar o acceso á carreira xudicial. A aplicación estrita dos principios de mérito, capacidade e paridade de xénero restablecerá o prestixio perdido de todas as súas salas, en especial, a Terceira. Modernizaremos tamén o sistema de

acceso á carreira xudicial, inspirados nos mellores elementos dos sistemas europeos, de maneira que se supere o sistema de oposición memorística e de preparación privada, que perpetúan o nesgo económico e os vicios de formación do Poder Xudicial.

- 119. Recuperar para a xente o imposto das hipotecas.** As persoas hipotecadas recuperarán todos os impostos relacionados coas hipotecas que non deberon pagar, tal como indicou a primeira sentenza do Tribunal Supremo. A Axencia Tributaria obterá estes impostos dos bancos con carácter retroactivo.

Título VII

Economía e Facenda

Artigo 128.

1. Toda a riqueza do país nas súas distintas formas e sexa cal sexa a súa titularidade está subordinada ao interese xeral. 2. Recoñécese a iniciativa pública na actividade económica. Mediante lei poderase reservar ao sector público recursos ou servizos esenciais [...].

120. Crear unha empresa pública eléctrica, institución fundamental para a transición cara un horizonte verde que liderará a instalación de enerxías renovables e a transformación do mercado eléctrico. Tamén se ocupará de aplicar unha factura da luz máis baixa e de garantir que ninguén sufra pobreza enerxética. Traballará de forma coordinada coas empresas públicas municipais.

121. Aproveitar Bankia coma banco público. Aproveitárase que xa rescatamos esta entidade con diñeiro público para introducir competencia no sector, asegurar que teñan acceso ao crédito os elementos máis produtivos e dinámicos do noso sistema —como son as autónomas e os autónomos, as pemes e as empresas da economía social—, introducir parámetros de xustiza no mercado das hipotecas e atender as

funcións sociais da banca que outras entidades descoidan, como caixeiros ou investimentos en vivenda social.

122. Crear un Banco de Investimento para a Transición Tecnolóxica e Económica (BITTE)

co fin de asumir os principais investimentos para a transformación produtiva que imos emprender, non só en canto á expansión das enerxías renovables, do coche eléctrico e doutras industrias verdes, senón no que respecta á dixitalización da nosa industria ou ao impulso aos investimentos no I+D+i.

123. Recuperar automaticamente a xestión pública das centrais hidroeléctricas cuxas concesións para a explotación privada caducaran ou farano no futuro,

o que permitirá protexer a saúde dos nosos ríos, garantir o rego e controlar as crecentes e a subministración de auga potable sen que interfiran intereses económicos espurios.

124. Recuperar a participación pública en sectores estratéxicos e poñer en marcha un Plan de Recuperación Industrial nas zonas que foron deliberadamente

desindustrializadas. O Estado implicarase nunha política industrial de futuro en colaboración cos sectores afectados e coa dotación orzamentaria suficiente.

- 125.** **Reforzar as leis antimonopolio.** A desigualdade de forzas entre, por unha banda, os oligopolios e, pola outra, as pemes e as persoas consumidoras medra, o cal lastra a nosa economía. Aplicaremos unha lexislación na liña da estadounidense, con instrumentos efectivos para a Administración. Aumentáranse as multas en casos de cartel e oligopolios. Reforzarase a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, e os seus membros elixíranse no Congreso.

Artigo 129.2.

Os poderes públicos promoverán eficazmente as diversas formas de participación na empresa e fomentarán, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas. Tamén establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción.

- 126.** **Cláusulas sociais e contratación pública** coma instrumentos para xerar valor social.

A Administración Pública orientará as súas contratacións cara obxectivos sociais, cara a xeración de riqueza con xustiza, con boas condicións laborais, con respecto ás normas ambientais e á igualdade de xénero, ao tempo que poidan dirixirse a fortalecer a economía local.

127. Democratizar as empresas. Apoiaremos as empresas da economía social, nas que quen achegue o seu traballo e a súa creatividade no día a día tamén dirixa a empresa. Impulsaremos a participación dos traballadores na dirección e no accionariado das empresas, como xa ocorre en Alemaña e en Francia.

128. Garantías efectivas contra as deslocalizacións daquelas empresas que sexan unha fonte esencial de emprego nas súas comarcas. Quen reciba axudas ou subvencións públicas asinarán un contrato de 10 anos de permanencia (entre outras medidas), e estas garantías aplicáranse de maneira especial nas comarcas máis vulnerables á despoboación.

Artigo 130.1.

Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía co fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois.

- 129.** Establecer por lei un prezo sostén (prezo mínimo) para protexer aos pequenos e medianos produtores agropecuarios e perseguir a chamada «venta a resultas», na que a produción se entrega sen coñecer o prezo e só se cobra ao venderse finalmente.

Artigo 131.1.

O Estado, mediante lei, poderá planificar a actividade económica xeral para atender as necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional e sectorial, e estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución.

Aplicación das propostas do Horizonte Verde e Novo Modelo Industrial, do Horizonte Morado e Economía dos Coidados, e do Horizonte Dixital e Nova Economía, o cal supón a posibilidade de crear máis dun millón de empregos.

- 130.** Crear unha Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Novo Modelo Industrial; unha de Feminismos e Economía dos Coidados, e outra de Dixitalización e Nova Economía para dirixir e coordinar estas reformas co resto das Administracións e axentes sociais.

Artigo 135.

- 1.** Todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria.
- 2.** O Estado e as comunidades autónomas non poderán incurrir nun déficit estrutural que supere as marxes establecidas, no seu caso, pola Unión Europea para os seus Estados membros. [...]

- 131.** Derrogar as normas que institucionalizaron a austeridade e a década perdida en España (artigo 135 da Constitución e Lei de Estabilidade Orzamentaria) para que a prioridade dos orzamentos públicos sexa sempre o benestar da cidadanía.

- 132.** Reformar o sistema de financiamento autonómico. Deseñárase en diálogo coas comunidades autónomas e garantirá tres condicións: en lugar de estar baseado nun «teito de gasto», este sistema basearase

nun «solo de ingresos», que permitirá financiar
servizos públicos dignos en toda España;
todas as comunidades autónomas recibirán
máis financiamento que o que reciben na
actualidade, e reducirase a desigualdade
territorial en canto o financiamento.

Título VIII

Da Organización Territorial do Estado

Artigo 138.1.

O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular.

133. A España baleirada, primeiro. Priorizaremos o mundo rural na aplicación das reformas propostas e descentralizaremos os investimentos. Reduciremos o IBI das poboacións con menos de 5000 habitantes, compensando aos municipios polo descenso na recadación, e crearemos un fondo para loitar contra a despoboación nas comarcas máis vulnerables.

134. Impulso ao financiamento municipal mediante a articulación do criterio poboacional, xunto a outros criterios, co obxectivo de pechar a brecha territorial e a incorporación de fondos de compensación do valor forestal que aumenten a contribución do conxunto do país ao sostemento dos bens comúns ligados ao mundo rural.

- 135.** Plan 8131: todas as nosas vilas conectadas a internet nunha lexislatura. Acceso a internet de banda ancha a 30 Mbps e a 3G para calquera núcleo habitado a un prezo alcanzable, ao que contribuirán as grandes empresas do sector mediante un canon.
- 136.** Paquete de servizos básicos. Garantiremos que todas as poboacións poidan contar cos seguintes servizos: servizo de transporte adecuado que comunique diariamente a demanda coa cabeceira de comarca; atención sanitaria a domicilio de calidade, se non é posible ter un centro de saúde; atención inmediata dunha patrulla da Garda Civil nun máximo de 15 minutos; reparto habitual de subministracións básicas cando non sexa posible dispor dunha tenda de ultramarinos; polo menos un caixeiro automático dentro dun radio de 20 quilómetros, e centros culturais cidadáns en cada cabeceira de comarca, así coma unha oferta cultural descentralizada.
- 137.** Garantía legal de xustiza territorial nos investimentos para transporte público, colectivo ou de baixas emisións.

Priorizaremos a construción de novas infraestruturas e a mellora das existentes, así coma o mantemento para os territorios que sufriron unha historia de illamento e malas conexións.

- 138.** Facer do tren o sistema prioritario na **vertebración do territorio**, con investimentos estratéxicos para estender un sistema de transporte público de baixas emisións, a un prezo alcanzable e que non deixe fóra a ningunha parte do país.
- 139.** **Vertebrar o territorio a través da posta en marcha ou a mellora urxente das liñas ferroviarias nas zonas con maior déficit de infraestruturas** mediante a realización inmediata dunha auditoría xeral do sistema para detectar os tramos máis urxentes. Aproveitamento destas novas e mellores liñas para acadar un verdadeiro efecto de rede a través do impulso dos eixos transversais ferroviarios e da mellora das conexións ferroviarias internacionais con Francia e Portugal.

- 140.** Camiñar cara unha conexión a internet como dereito básico e de acceso gratuíto. Garantiremos un acceso a internet de 30 Mbps para calquera núcleo habitado a un prezo alcanzable, así coma o acceso a unha conexión a internet de carácter básica e impulsaremos a competencia efectiva no sector das telecomunicacións que baixe esta factura ao nivel da media europea.

Artigo 139.2.

Ningunha autoridade poderá adoitar medidas que directa ou indirectamente obstaculicen a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio español.

- 141.** Poñer en marcha un plan de investimentos nas nosas infraestruturas ferroviarias con parámetros de calidade, sustentabilidade e xustiza territorial. Aumentarase a frecuencia dos servizos existentes de curta e media distancia (metro, *cercanías/rodalies*, rexionais) e crearase o servizo alí onde non exista. O obxectivo é que, no ano 2030, a demanda de transporte ferroviario de todos os municipios de máis de 20 000 habitantes estea atendida.

- 142.** Non se renovarán as concesións de autoestradas a grandes corporacións.
As peaxes iranse incorporando ao patrimonio común e abaratándose ou converténdose en gratuítos. Mentres tanto, buscaranse fórmulas para reducir ou eliminalas naqueles tramos excesivamente caros ou que, se se abriran, permitirían reducir os accidentes.
- 143.** Declarar o taxi servizo público de interese xeral e establecer un requisito de 2 horas de precontratación para as VTC.
Garantiremos o cumprimento da regra de proporcionalidade 1/30 e desenvolveremos unha aplicación pública que integre toda a información dispoñible sobre mobilidade (*cercanías*, metro, buses, taxis, etcétera), os mecanismos de reserva e de pago.
- 144.** Protexer os dereitos dos pequenos e medianos transportistas fronte ás prácticas abusivas das grandes compañías de distribución e dos grandes portos.
Prohibiremos a emisión de notas promisorias a máis de 30 días e fixaremos un prezo mínimo por quilómetro baseado nos prezos medios, entre outras medidas.

Artigo 149.1.

O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: [...] 25.^a. Bases de réxime mineiro e enerxético.

145. Reducir a produción enerxética baseada en combustibles fósiles á metade nunha década e acadar o 100 % da produción de fontes renovables no 2040. Antes de que se perda un emprego do sector dos combustibles fósiles, crearanse dous empregos con condicións laborais idénticas ou mellores. A transición enerxética será xusta ou non será.

146. Liña de axudas directas ao investimento de pequenas e medianas instalacións renovables. Establecemos tamén unha regulación que favorecerá as instalacións de autoconsumo compartido e unha solución para reparar a situación dos pequenos inversores prexudicados polo «machazo ás renovables».

147. Rehabilitación de, polo menos, 500 000 vivendas ao ano. Outorgaremos prioridade aos fogares e barrios máis vulnerables e a edificios situados en zonas menos

poboadas. As familias poderán reducir ata nun 50% o seu consumo de enerxía e aforrar un medio de 400 euros anuais na factura. Ao mesmo tempo, crearanse miles de empregos nun sector tan castigado como é o da construción.

- 148.** Aumento de ata o 25% de coches eléctricos ou que funcionen con outras tecnoloxías alternativas aos combustibles fósiles nos turismos vendidos en España no 2025 e ata o 70% no 2030, para aproximarnos ao obxectivo do 100% no 2040. O cambio do parque móbil non suporá ningún custe engadido á economía das familias.
- 149.** Unha factura da luz máis barata e xusta. O termo fixo non será superior ao 25% da factura e, respecto da enerxía consumida, os primeiros kWh (que son imprescindibles para levar unha vida digna) terán un prezo máis baixo, que aumentará nos seguintes para penalizar o dispendio.
- 150.** Poñer orde no oligopolio enerxético eliminando os seus privilexios e devolvendo o poder ás pemes e a quen paga a luz.

Para iso, cambiaranse as condicións da poxa, de maneira que a enerxía renovable teña unha retribución estable, e eliminaranse os inxustos «beneficios caídos do ceo», entre outras medidas.

151. Subministracións básicas garantidas.

Coas reformas estruturais do sistema eléctrico, baixárase o prezo da factura da luz, pero tamén se impedirán os cortes de subministracións básicas de auga, luz e gas nas primeiras residencias cando ditas subministracións non se poidan pagar. Estas axudas non implicarán requisitos burocráticos e durarán o que dure a situación de necesidade.

Título IX

Do Tribunal Constitucional

Artigo 159.1.

O Tribunal Constitucional componse de 12 membros nomeados polo Rei; deles, catro a proposta do Congreso por maioría de tres quintos dos seus membros; catro a proposta do Senado, con idéntica maioría; dous a proposta do Goberno, e dous a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

- 152.** Despolitizar o Tribunal Constitucional cun sistema de nomeamentos no que prime o consenso e non as cotas partidistas. Derrogarase a «reforma rápida» da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional levada a cabo polo PP no 2015.

Disposición derogatoria

Disposición derogatoria 3.^a.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións opóñanse ao establecido nesta Constitución.

- 153.** O cumprimento desta Constitución é incompatible coas normas e actuacións dos poderosos, que obstaculizan o avance do noso país cara un horizonte verde e un novo modelo industrial, cara un horizonte morado e unha economía feminista dos cuidados e cara un horizonte dixital cunha nova economía. Da mesma maneira, o cumprimento desta Constitución é incompatible coa corrupción e coas actuacións que lesionan as liberdades e os dereitos da cidadanía. Esta Constitución garante que as transformacións sinaladas se realizan con xustiza laboral e xustiza nas pensións, con xustiza social, con xustiza fiscal e con xustiza territorial.

elecciónsxerais28A

a
historia
escribela
ti

PODEMOS.